

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

**10843** *Orde ESS/1892/2013, do 8 de outubro, pola que se regula o taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social.*

A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, establece no seu artigo 45.1 o mandado para as administracións públicas de impulsar o emprego e a aplicación das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o desenvolvemento da súa actividade e o exercicio das súas competencias, coas limitacións que para a utilización destes medios se establecen na Constitución e nas leis.

Pola súa vez, a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, consagra a relación coas administracións públicas por medios electrónicos como un dereito dos cidadáns e como unha obriga correlativa para tales administracións, e no seu artigo 12 dispón que a publicación de actos e comunicacións que, por disposición legal ou regulamentaria, se deban publicar nun taboleiro de anuncios ou edictos poderá ser substituída ou complementada pola súa publicación na sede electrónica do organismo correspondente.

A Lei 11/2007, do 22 de xuño, dedica os seus artigos 10 e seguintes á devandita sede electrónica, regulación xustificada pola necesidade de definir claramente a «sede» administrativa electrónica con que se establecen as relacións e promover un réxime de identificación, autenticación, contido mínimo, protección xurídica, accesibilidade, dispoñibilidade e responsabilidade.

Polo seu lado, o Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, que desenvolve parcialmente a citada Lei 11/2007, do 22 de xuño, dispón no seu artigo 3.2 que as sedes electrónicas se crearán mediante orde do ministro correspondente ou resolución do titular do organismo público, que deberá publicarse no «Boletín Oficial del Estado» co contido mínimo nel establecido.

En cumprimento do previsto en tal artigo, mediante a Orde TIN/665/2010, do 15 de marzo, creouse a sede electrónica do Ministerio de Traballo e Inmigración (actual Ministerio de Emprego e Seguridade Social), cuxo artigo 3.b prevé que se realicen a través desta sede electrónica todas as actuacións, procedementos e servizos que requiran a autenticación dos cidadáns ou da Administración pública nas súas relacións con estes por medios electrónicos, así como aqueloutros respecto dos cales se decida a inclusión na sede por razóns de eficacia e calidade na prestación de servizos aos cidadáns.

O Real decreto 928/1998, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións da orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, prevé no artigo 22 que o réxime de notificacións incluídas no procedemento sancionador e/ou liquidatorio se axustarán ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

O artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, desenvolve a notificación a través de edicto naqueles supostos en que os interesados nun procedemento son descoñecidos ou se ignora o lugar da notificación ou o medio a que se refire o número 1 deste mesmo artigo, ou ben cando se intentou a notificación pero non se puido practicar.

Neste contexto, a disposición adicional oitava da Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, prevé que «nos supostos previstos no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, cando non se puido practicar a notificación dos actos administrativos, nos casos en que sexa competente para isto a Inspección de Traballo e Seguridade Social, tal notificación farase,

exclusivamente, por medio de anuncio no taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social».

O obxectivo desta orde é facer efectiva esa previsión e dar cumprimento ao mandado legal, establecendo a xestión e funcionamento e a publicación no taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social, así como os efectos dos actos administrativos e comunicacións emitidos pola Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Do seu contido pódese destacar a unidade do taboleiro para todo o Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social e o carácter universal e gratuíto da súa consulta, mediante a súa accesibilidade a través da internet, así como nas oficinas da Inspección de Traballo e Seguridade Social, e regúlase tanto o prazo de publicación como o prazo de exposición dos edictos, incluíndo a regulación dos denominados «edictos de conservación», conforme as distintas notificacións de actos administrativos a que dá lugar e a duración tanto das actuacións previas de comprobación como do procedemento administrativo sancionador.

Na elaboración desta orde foron consultadas as organizacións empresariais e sindicais máis representativas.

Esta orde recibiu o informe da Comisión Ministerial de Administración Electrónica do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, conforme o disposto no artigo 2.1.f) e g) da Orde TIN/3155/2011, do 8 de novembro, pola que se regulan a composición e funcións dese órgano colexiado.

Así mesmo, recibiu informe da Axencia Española de Protección de Datos, de acordo co disposto no artigo 5.b) do Estatuto da citada axencia, aprobado polo Real decreto 428/1993, do 26 de marzo.

Esta orde dítase en uso das atribucións conferidas para o efecto pola disposición adicional oitava, número 2, da Lei 42/1997, do 14 de novembro.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

## Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta orde ten por obxecto regular o taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social, incluído na sede electrónica do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, como medio oficial de publicación, a través de edictos, das notificacións dos actos administrativos ditados no ámbito da Inspección de Traballo e Seguridade Social, nos seguintes supostos:

- a) Cando os interesados no procedemento sexan descoñecidos.
- b) Cando se ignore o lugar da notificación ou o medio polo cal se debe practicar.
- c) Cando se tentou a notificación e non se puido practicar.

2. A publicación no taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social terá a consideración de oficial e auténtica, conforme as normas e condicións que se establecen nesta orde.

## Artigo 2. *Ámbito subxectivo.*

Para os efectos desta orde, entenderase por Inspección de Traballo e Seguridade Social os órganos centrais e periféricos que conforman o Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social, conforme o previsto pola Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, e o Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

*Artigo 3. Características do taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social.*

1. O taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social será único para todo o Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social, terá formato dixital e axustarase ás especificacións que se establecen nesta orde, así como ás condicións establecidas na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. O taboleiro estará accesible as 24 horas do día e de forma gratuíta na sede electrónica do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, nos termos que se indican no artigo 11.

3. A publicación no taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social respectará os principios de accesibilidade e facilidade de uso, de acordo coas normas establecidas ao respecto, e utilizará estándares que sexan de uso xeneralizado polos cidadáns cunha constante adaptación ao progreso tecnolóxico.

En particular, terá as condicións de accesibilidade que faciliten a consulta das persoas con discapacidade ou de idade avanzada, conforme o establecido no Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social, aprobado polo Real decreto 1494/2007, do 12 de novembro.

*Artigo 4. Garantías do taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social.*

Corresponde á Subdirección Xeral de Tecnoloxías da Información e Comunicaci3ns do Ministerio de Emprego e Seguridade Social:

a) Garantir a dispoñibilidade do taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social, así como a autenticidade e integridade do contido que nel se publique, mediante o emprego dos sistemas de sinatura electrónica relacionados nos artigos 18 e 19 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

b) Velar para que reúna as condicións de accesibilidade necesarias para a consulta polas persoas con discapacidade ou de idade avanzada e a súa permanente adaptación ao progreso tecnolóxico.

c) Publicar na sede electrónica deste departamento as prácticas e procedementos necesarios para a efectividade do previsto neste artigo.

d) Garantir a xeraci3n de evidencias electr3nicas que permitan a constataci3n da data e hora de publicaci3n no taboleiro de edictos da Inspecci3n de Traballo e Seguridade Social dos edictos, para efectos da súa oportuna acreditaci3n posterior.

*Artigo 5. Características dos edictos para publicar.*

1. No encabezamento de cada edicto dos que se refiren no artigo 1 figurará:

a) O escudo de España.

b) A denominaci3n «taboleiro de edictos da Inspecci3n de Traballo e Seguridade Social».

c) O logotipo do taboleiro de edictos, que será «TEITSS».

d) O número de páxina.

En cada edicto figurará, ademais, a identificaci3n do 3rgano ou unidade que o emite e ordena a súa publicaci3n, de acordo co establecido no artigo 6.

2. Os edictos conterán tamén unha representaci3n da sinatura electrónica realizada con motivo da súa publicaci3n no taboleiro de edictos da Inspecci3n de Traballo e Seguridade Social, que será visible tanto en formato electrónico como en papel e que incluírá, cando menos, a identificaci3n do 3rgano ou unidade asinante e a data en que se produciu tal publicaci3n.

Artigo 6. *Competencia para ordenar a publicación.*

Os órganos que, de conformidade coas súas respectivas competencias, estean lexitimados para a emisión dos edictos a que se refire o artigo 1 serán os competentes para ordenar a súa publicación no taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Artigo 7. *Competencia para a publicación.*

A publicación no taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social dos edictos a que se refire o artigo 1 corresponderá á Subdirección Xeral de Tecnoloxías da Información e Comunicacions do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, en canto órgano competente para a xestión tecnolóxica da sede electrónica do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Artigo 8. *Prazo de publicación dos edictos.*

1. Os edictos manteranse publicados no taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social durante un prazo de 20 días naturais.

Para efectos do cómputo de tal prazo, a data de publicación será a que apareza na representación visual da sinatura electrónica do documento, descrita no artigo 5.2.

2. A sincronización da data e a hora, para efectos do cómputo dos prazos que correspondan, realizarase conforme o previsto no artigo 15 do Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica.

Artigo 9. *Efectos da publicación de edictos.*

A publicación no taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social dos edictos correspondentes a notificacións dos actos administrativos ditados no ámbito da Inspección de Traballo e Seguridade Social, nos supostos a que se refire o artigo 1, producirá efectos de notificación aos interesados sen que sexa necesaria a súa publicación en ningún outro taboleiro de edictos nin boletín oficial.

Nestes casos, transcorridos 20 días naturais desde a publicación do edicto no taboleiro, entenderase que a notificación foi practicada, polo que se dará por cumprido o dito trámite e continuarase o procedemento, sen prexuízo de que o edicto continúe a estar accesible no taboleiro durante o prazo sinalado no artigo seguinte.

Así mesmo, finalizado o prazo de 20 días naturais de publicación, iniciarase o cómputo dos prazos para a interposición das reclamacións e recursos que procedan.

Artigo 10. *Prazo de exposición dos edictos.*

Finalizado o prazo de publicación de 20 días naturais establecido no artigo 8, o edicto continuará a estar accesible durante un ano, para efectos da súa consulta, no taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social, mediante un edicto de conservación.

Unha vez transcorrido este prazo de consulta dun ano, unicamente se facilitará a información contida no edicto ao propio interesado ou ao seu representante, ben como ao Defensor do Pobo, aos xuíces e tribunais, ao Ministerio Fiscal e á Axencia Estatal de Administración Tributaria ou órganos equivalentes da Administración autonómica e local, ou aos suxeitos que corresponda, cando así estea previsto legalmente.

Artigo 11. *Acceso dos cidadáns ao taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social.*

1. O acceso dos cidadáns ao taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social, a través da sede electrónica do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, non precisará de identificación ningunha.

A localización dos edictos publicados no taboleiro para os que teña concluído o prazo de publicación, así como a súa recuperación e impresión, efectuarase mediante un sistema de procura avanzado que contará cos mecanismos necesarios para evitar a indexación e recuperación automática de publicacións a través de motores de procura desde a internet.

Cando por medio de edictos se publiquen notificacións que conteñan sancións administrativas, a información obtida como consecuencia da consulta no taboleiro unicamente poderá ser conservada e almacenada pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, polo propio interesado ou pola persoa que este autorizase e polas administracións públicas que por lei o teñan autorizado, e nos restantes casos resultará contraria ao disposto no artigo 7.5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

2. En todas as oficinas da Inspección de Traballo e Seguridade Social se facilitará a consulta pública e gratuíta do taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Disposición adicional primeira. *Protección de datos de carácter persoal.*

1. O funcionamento, a xestión e a publicación de edictos no taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social realizarase conforme o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, e no resto da normativa que lle sexa de aplicación.

2. Para efectos do disposto na citada normativa, a Dirección Xeral da Inspección de Traballo e Seguridade Social terá a condición de responsable do ficheiro que se crea pola disposición adicional segunda desta orde e responderá do cumprimento dos principios de protección de datos respecto de tales datos de carácter persoal.

Cada un dos órganos a que se refire o artigo 2 desta orde terá a condición de responsable do tratamento dos datos correspondentes aos edictos cuxa publicación no taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social ordene.

Disposición adicional segunda. *Creación do ficheiro de datos de carácter persoal.*

Créase o ficheiro de datos de carácter persoal do taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

a) Finalidade do ficheiro: xestión do taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

b) Usos previstos: xestión da publicación, a través de edictos, das notificacións de actos administrativos no ámbito da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

c) Persoas ou colectivos de que se obteñen os datos ou que resulten obrigados a subministralos: interesados notificados mediante edictos.

d) Procedemento de recolla dos datos: aplicacións informáticas establecidas para o efecto.

e) Estrutura básica do ficheiro e descrición dos datos recollidos: contén os datos dos interesados notificados mediante os edictos, nome e apelidos ou razón social, DNI, NIE ou CIF, así como o resto dos datos de tales edictos.

f) Sistema de tratamento: automatizado.

g) Cesións de datos previstas: conforme o previsto nesta orde, os edictos permanecerán accesibles a terceiros durante o prazo dun ano; transcorrido este prazo, unicamente poderán acceder aos seus datos o Defensor do Pobo, os xuíces e tribunais, o

Ministerio Fiscal e a Axencia Estatal de Administración Tributaria ou órganos equivalentes da Administración autonómica e local.

- h) Transferencias internacionais previstas a terceiros países: non se prevén.
- i) Órgano responsable do ficheiro: Dirección Xeral da Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- j) Órgano ante o cal poden exercerse os dereitos de rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral da Inspección de Traballo e Seguridade Social, Calle Agustín de Bethencourt, 4, 28003 Madrid.
- k) Medidas de seguranza: nivel medio.

Disposición adicional terceira. *Implantación do taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social.*

A implantación efectiva da publicación no taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social dos edictos correspondentes ás notificacións dos actos administrativos ditados no ámbito da Inspección de Traballo e Seguridade Social terá lugar o día de entrada en vigor desta orde.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Non incremento de gasto.*

As medidas incluídas nesta orde non poderán supor incremento nin de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Autorízase o titular da Subsecretaría de Emprego e Seguridade Social para que, mediante resolución, dite cantas instrucións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do previsto nesta orde.

Disposición derradeira cuarta. *Taboleiro de edictos único das administracións públicas.*

As características do taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social serán compatibles coas que se establezan para o taboleiro de edictos das administracións públicas proposto pola Comisión para a Reforma das Administracións Públicas.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 8 de outubro de 2013.—A ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez García.